

## TEMA 4

Nome: .....

Curso: .....

**1** Os cinco reinos dos seres vivos son: reino animal, reino vexetal, reino fungos, reino protocistas e reino móneras. Sabes a que reino pertencen estes cinco seres vivos?

- Margarida: .....
- Cabalo: .....
- Bacterias: .....
- Alga mariña: .....
- Champiñón: .....

**2** Indica se estas afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F):

- ☐ Os arbustos teñen un talo duro e groso chamado tronco.
- ☐ As árbores fabrican o seu propio alimento.
- ☐ O fentos producen sementes.
- ☐ Os brións non teñen raíces.

**3** Explica como son estas plantas de Galicia:

- Carballo: .....
- Piñeiro: .....
- Eucalipto: .....
- Fento: .....

**4** Todos estes nomes teñen algo en común menos un:

Rosa, cenoria, figueira, tulipán, cerdeira, caracol, leituga, maceira.

- Que nome non está relacionado cos outros? .....
- Que teñen en común os demais nomes? .....

**5** Escribe se son plantas con flores ou sen flores:

- Fento: .....
- Carballo: .....
- Tomiño: .....
- Roseira: .....

## TEMA 4


Nome: .....

Curso: .....

A Eva e a Serxio gústanlles as bolboretas pero non saben moito delas.

Deciden ir á biblioteca da escola a buscar información.

Encontran un libro de insectos no que aparecen as bolboretas e aprenden que son Lepidópteros que teñen as ás cubertas de escamas e que se alimentan do néctar das flores.



**1** As bolboretas pertencen ao reino animal, llelle Eva a Serxio. Entón, dille que existen máis reinos e ao dicilos equivócase nun. Márcalo:

- A Reino Vexetal.
- B Reino Fungos.
- C Reino Mariño.
- D Reino Móneras.

**2** Serxio dille a Eva que hai seres vivos e seres inertes e que todos os seres inertes son artificiais.

- Ten razón? .....
- Por que? .....

**3** Os animais igual que os seres humanos realizan as tres funcións vitais. Axuda a Serxio e a Eva a identificalas:

- A Nutrición, reprodución e relación.
- B Nutrición, alimentación e durmir ben.
- C Alimentación, reprodución e durmir ben.
- D Alimentación, facer exercicio e durmir ben.

**4** Eva cre que as plantas se alimentan de forma diferente que os animais e pregúntallo a Serxio.

- Serxio responde que esa característica única dos vexetais é .....

## TEMA 4

Nome: .....

Curso: .....

A familia de Serxio foi ao xardín botánico porque lle gustan moito as plantas. Convidan a Eva, á que tamén lle gustan as plantas.

No xardín botánico hai moitas plantas que crecen ao aire libre, pero tamén hai outras que están dentro de invernadoiros porque necesitan unha temperatura e unha humidade determinadas.



- 5** Durante o percorrido viron diferentes tipos de plantas segundo o tamaño do seu talo. Relaciona con frechas cada palabra da primeira columna cunha frase da segunda:

|         |                                                     |
|---------|-----------------------------------------------------|
| Herba   | Talo duro e delgado que se ramificado desde o chan. |
| Arbusto | Talo duro e groso que pode acadar grande altura.    |
| Árbore  | Talo delgado e flexible que acada pouca altura.     |

- 6** No xardín hai algunhas plantas de Galicia. Eva di que os fentos son plantas con flores sen raíces.

- Ten razón? .....
- Por que? .....

.....

- 7** Aínda que as plantas poden ser moi diferentes unhas doutras, a maioría teñen tres partes características. Marca a única afirmación que indica o nome destas tres partes:

- A Raíz, talo e flores.
- B Raíz, talo e froitos.
- C Raíz, talo e follas.
- D Raíz, tronco e follas.

## TEMA 4

Nome: .....

Curso: .....

Pola tarde, despois de comer, marchan do xardín botánico e deixan a Eva na súa casa.

De camiño a casa de Serxio, hai un parque con moitas plantas. Parán e baixan do coche.

Hai flores de todas as formas, cores e tamaños que impregnan o aire dun olor moi agradable.

Serxio lembra que hai uns meses, durante o inverno, non había ningunha flor naquel parque.



**8** Serxio di que a cor das flores se debe a unha das catro partes que teñen. Marca a única afirmación que corresponde a esa parte da flor:

- A Os sépalos do cáliz.
- B Os sépalos da corola.
- C Os pétalos do cáliz.
- D Os pétalos da corola.

**9** As plantas non poden desprazarse, pero poden relacionarse co seu medio e con outros seres vivos. Pon dous exemplos:

- Unha relación co seu medio: .....
- Unha relación con outros seres vivos: .....

**10** Para poder alimentarse, as plantas levan desde a raíz ata as follas o zume bruto. Marca a única afirmación que indica o que hai no zume bruto:

- A Auga e sales minerais.
- B Auga e dióxido de carbono.
- C Auga e osíxeno.
- D Auga e alimentos.